

Ficha de envío de propostas ao Viveiro de propostas normalizadoras da CTNL

| | |
|---|---|
| Proposta de nome para o proxecto | Paquetes de divulgación e animación |
| Datos da persoa que fai a proposta | Nome e apelidos: Soco García Conde Enderezo-e: socogarciaconde@gmail.com Profesión/posto/ámbito/entidade: Técnica de NL Concello de Santiago |
| Breve descrición do proxecto | Trataríase de que en equipo se preparase o contido dun elenco de charlas moi divulgativas que procuren animar aos seus destinatarios a usar o galego para despois ofrecelas, a través de entidades, ao seu público destinatario. A preparación do contido tería que ser moi coidada e enriquecida para facelo atractivo e transmitir moi ben a mensaxe (vídeos, imaxes, xogos...). Tamén tería que estar todo perfectamente escrito, descrito e previsto para que a charla puidese dala algunha persoa distinta das que a prepararon. |
| Obxectivos da iniciativa | <ul style="list-style-type: none"> – Dispor de material no que, de xeito ordenado, fiado, ilustrado..., se dea conta das mensaxes que intentamos transmitir. – Poder ofrecer de maneira moi sinxela e barata eses contidos a diferentes colectivos. – Crear outro micro-traballo |
| Explicación de en que consistiría a acción | <p>O equipo inicial prepara unha listaxe de temas que se poden tratar (utilidade da lingua/ as linguas no mundo/ falar galego non é moderno/ que hai en galego para os nenos? / por que hai que coidar a lingua? /por que sería bo que falásemos en galego?,...)</p> <p>Cada tema tería un/unha responsable que buscaría o equipo de preparación, iría sumando colaboracións e lle daría a forma final.</p> <p>O contido de cada charla (texto(s), imaxes, presentacións, vídeos, ou o que inclúan) xuntaríase nun arquivo dixital de doada transmisión e utilización.</p> <p>A partir de aí viría a fase de difusión e podería haber varias posibilidades: a) Ofrecer as charlas a centros escolares/ colectivos varios e que un equipo de persoas preestablecido as fosen dando polo país (algo así como no Gústame), é dicir, vender a o contido e a súa presentación. b) Ofrecer o contido das charlas e que os ENL, os SNL... se encargasen de presentalas ao público destinatario final</p> |
| Destinatarios/as | Os que se defínana pero, en principio, pensaría en nenos/as e rapaces/as, a través dos centros de ensino. |

| | |
|--|--|
| Quen se propón que a promova? | A CTNL, que supervisaría o contido e, polo tanto, dalgún xeito lle daría o seu aval, sería a propietaria deses materiais. Podería vender, alugar ou prestar de balde eses paquetes (a calquera ou a alguén en concreto). En función diso sería |
| Necesidades materiais | |
| Necesidades humanas | Coordinadores de temas (cantos máis haxa máis contidos se poden ir preparando) e a axuda de todos e todas os/as que poidamos. |
| Proposta de xestión do proxecto | A CTNL directamente ou a través dalgunha empresa xestionaría os paquetes (habería que estudar as posibilidades económicas pero o modelo da campaña Gústame o galego parece que funciona). Tamén cabe a posibilidade de que se ofrezan de balde ou estean no web a dispor de quen as queira usar. |
| Prazos previstos | Debería intentarse ter dous, cando menos, para o principio do vindeiro curso, co fin de que comecen a rodar nos centros. |